



A mostra pódese visitar de luns a venres, en horario de 10 a 14 e de 16 a 19 horas, e os sábados de 11 a 14 horas

O CEIDA acolle ata abril a exposición A Natureza Mariña Galega

Está incluída dentro do Programa de Educación Ambiental para os Centros Educativos de primaria e secundaria

Oleiros, 12 de febreiro de 2008.- A sala de exposicións do CEIDA – Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia – acolle a mostra **A Natureza Mariña Galega**, producida pola delegación de Ferrol da Sociedade Galega de Historia Natural (SGHN). A Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia tamén colabora nesta actividade.

Esta mostra itinerante pretende dar a coñecer as especies que poboan os mares e zonas costeiras galegas e os seus perigos. Está composta por unha ampla colección de cranios e maxilares de diferentes cetáceos, onde se pode observar as diferenzas entre odontocetos e misticetos, ademais de aspectos relacionados coa súa bioloxía, distribución ou estatus poboacional. Oito paneis complementan a mostra.

Esta exposición está incluída dentro do Programa de Educación Ambiental para os Centros de Ensino de primaria e secundaria que organiza o CEIDA, onde os educadores ambientais imparten unha visita guiada pola mostra e tamén organizan distintos obradoiros ambientais, como xogos de identificación de moluscos (a través das cunchas mariñas recollidas nas praias), observación do algareo do Castelo de Santa Cruz (co fin de descubrir os grupos de algas das costas galegas e os seus usos actuais) ou unha análise periodística para detectar as ameazas das costas e crear un debate sobre as súas posibles solucións.

A exposición pódese visitar ata o 7 de abril de luns a venres, en horario de 10 a 14 horas e de 16 a 19 horas, e os sábados de 11 a 14 horas. A entrada é de balde.

Área de Información e Comunicación do CEIDA